

## A palabra poética de Ferrín na proa

**Iago Castro**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

CASTRO, IAGO (2011 [2006]). “A palabra poética de Ferrín na proa”. *Grial*: 169, 96-97. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1352>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

CASTRO, IAGO (2006). “A palabra poética de Ferrín na proa”. *Grial*: 169, 96-97.

\* Edición dispoñible desde o 2 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

## A PALABRA POÉTICA DE FERRÍN NA PROA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE X. L. MÉNDEZ FERRÍN *CONTRA MAQUIEIRO*, 2005]

Iago Castro

Un ano despois da saída de *Era na selva de Esm*, unha sorte de reunión de poemas que apareceran en publicacións de tiraxe reducida ó longo de case cincuenta anos, sae do prelo este *Contra Maquieiro*, unha nova pedra do valo poético que sen pausa e con peso está a construír Méndez Ferrín desde 1957; e é moito valo.

O poemario confórmano catro partes con entidade de seu. A primeira delas, que lle dá título ó libro, é cuantitativamente o corpus principal con trinta poemas. Pero antes, na dedicatoria inicial, preside os versos todos Lois Soto, escuro lóstrego que prendeu o facho da resistencia nacional e marxista aquí e acolá do Atlántico en tempos de negrura, e cuxa escolla para anteceder os cantos non é, desde logo, arbitraria. Porque *Contra Maquieiro* é un canto epocal evocador do século XX por oposición, contra aquilo que representa Maquieiro, controlador total dos medios de producción, da maquinaria dos muíños arrebatados que gobernan os ríos, todas as cousas. De fronte, pois, o século do triunfo do Capital e a verdadeira “Derrota das Nacións”; crónica cruenta, bille, dos disparos, das bombas e das mortes antes de os Maquieiros seren Un, único e omnipresente. Crónica dos que non teñen crónicas, porque malia non nos pertencer a linguaxe, que nos sobrepasa, “as palabras foron recobradas” nun exercicio memorialístico a prol dos que son sombras na Historia, “os corpos sen corpo dos descoñecidos”, usura do “Maquieiro universal sen rostro”. Así, de rota polo século XX, a voz poética alíñase coa dos vencidos, cos que “regularizados nunca foron”, os “irmaos de bronce e pexego fresco” –de Spartaco ó Foucellas– para desde a marxe invocar a Razón cun chamamento último: “e pedímosche oh Razón que nos cobexes / e nos deas boroa blindada na sombra resistir”.

“Senecto corpore”, a terceira parte do poemario e segunda en extensión con sete poemas, constrúese enteiro a través do desdobra-[97]mento do eu autorial nun *chiño-tu* presente en todos os poemas. Desde esta enunciación especular recorrente (lembremos “Triste Stephen”, “Odiado Amado” e mesmo *Bretaña Esmeraldina*), ponse potente e preciso o lirismo ferriniano para volvermos percorrer xeografías xa visitadas: o uniforme penitenciario da cadea con reixas e o uniforme invisíbel da cadea de fóra, as dúas vividas na realidade e na ficción polo autor; o Grand Sole que por vez primeira se literaturizara en *Antón e os inocentes* para as letras nosas; as peripecias arraianas sorprendentes sempre. Mais se os nomes serven para apropiárense fisicamente das cousas, o Chiño ten a paisaxe de seu, a que lle “encolle o corazón”: as Pozas da Serpe, o Penagache, a Mota Grande, o Laboreiro. Complétase así esta ollada ós tempos idos e os lugares amados, e contracorrente “Chiño non nota nada de Saudade” quizais tranquilo e reconfortado porque “as lanchas arderán cos amos dentro / a rezar o rosario”.

Complétase o poemario con “Cuarteto con Alemaña” e “Profecía de Taramundi”. Na primeira delas entrecrúzanse planos temporais e espaciais, de Vilanova dos Infantes a Prusia, nunha evocación consciente da nenez: “Cheiro a naftalina ameaza este poema”. O sincetismo referencial que se acubilla nos catro poemas desta parte da obra acada altura e forza máxima no alexandrino final: “Prusia de cadavedos Leste de toutizal”. Na parada última do libro, a “Profecía de Taramundi”, constatamos que nada lle é alleo á poesía de Méndez Ferrín. Adopta agora o recurso do poema en verso e demostra, abofé, que non existe territorio vedado –verso ou prosa– ante a potencialidade da súa palabra poética, que xoga nestes epígrafes de sutil humor coa polifonía e a alteridade aproveitando todas as posibilidades do texto ficcional (“Isto que eu proclamo é somentes a Profecía de Taramundi! Sentide o que Abril vos di cando pasa a man polo lombo das insuas xusto un intre antes de se facer un nobelo pra durmir nas criptas pavorosas”).

Corroboramos, daquela, como continúa avante a palabra poética de Ferrín na proa, rompente das nosas marés líricas, fiel á consigna do escritor que busca e explora as posibilidades todas da nosa lingua literaria como deber primeiro, mariñeiro da linguaxe. E velaquí que á volta da singradura atopamos o valo fortalecido, e o edificio onde agochamos a república das nosas letras, dos nosos soños, ten un algo máis de autonomía, de independencia. É moito valo o ferriniano.